



TARABELA
CREATIVA



AS MULLERES



QUE NOS CONSTRÚEN





Nesta proposta de Tarabela Creativa, dirixida ao alumnado de Primaria, buscamos indagar nas historias das nosas orixes. De onde vimos, como as mulleres que forman parte da nosa familia aportan ao noso relato de identidade..

Tirando do fío da nosa memoria familiar, trataremos de entender a importancia que teñen todas e cada unha delas como seres individuais, como parte da nosa familia e tamén como parte da comunidade.

É como o faremos?

Desenvolveremos o labor ao longo de distintas xornadas, atendendo ao número de grupos que teña o centro. E dividiremos a tarefa en segmentos de idade. Coa finalidade de, a través das vías axeitadas, espertar o interese do alumnado polas súas historias máis achegadas.

Día 1. Primeira etapa de Primaria: 1º, 2º e 3º de EP. Técnica do collage.



Pedirase que leven fotocopias de fotos que sexan importantes nas súas familias. Fotos das mulleres da familia elixidas polos nenos e nenas. Con outros materiais que aportaremos dende Tarabela, crearemos collages nunha xornada de cor, creatividade e cartulina en torno a esa foto protagonista.

Tamén compartiremos as averiguacións que o alumnado faça sobre cada muller a partires dun cuestionario que lles enviaremos previamente. Esta serie de preguntas servirán de guía para manter unha conversa interxeneracional de descubrimento e seguramente de moita emoción.

É fundamental que traballemos con fotocopias e non con orixinais para que en ningún caso se estropeen. Basta cunha fotocopia por persoa.

Duración aproximada 50 minutos por grupo.





Día 2. Segunda etapa de Primaria: 4º, 5º e 6º de EP. Narrativa breve + mural.

Despois de que cada alumno e cada alumna recibira o pertinente cuestionario para facerlle á muller escollida da súa familia, e de que buscaran a foto dela no álbum familiar, levarán todas as respostas que obteñan delas ao centro para crear a súa historia escrita e plasmala no mural conxunto que quedará exposto no colexio.

O obxectivo desta tarefa é converter en relato todas as respostas atopadas, para que a historia desa muller conste como legado xa eterno, depositado no neno ou nena e compartido coa súa comunidade próxima. Unha recomendación á hora de abordar o cuestionario neste segmento de idades é que fagan uso das tecnoloxías. Na medida do posible, que recollan a conversa en audio para voltar a ela tantas veces o precisen no momento en que vaian escribir a historia. Non só será útil para realizar a actividade, ademais ese arquivo quedará para sempre nas súas mans. E agradecerán fondamente telo no seu haber. En calquera caso, o rexistro escrito das respostas é igual de válido.

Duración aproximada: 2 sesións de 50 minutos continuadas por grupo.



A finalidade última desta tarefa é non só espertar a escoita ou coñecer a memoria familiar, tan importante. Se non decatarnos de que as mulleres relevantes están tan preto de nós como no propio seo familiar. Que o que fan cada día é destacable e que, aínda que non vaian aparecer nos libros de historia, si deben aparecer na nosa historia persoal, dándolles o lugar e o valor que merecen.

Materiais de traballo:


Dende Tarabela Creativa proporcionaremos unha ampla variedade de materiais tanto dicáticos como artísticos para que, en base á súa historia familiar, os rapaces e rapazas se boten a crear.

Convidámoslos a que, pola súa banda, traigan os materiais que consideren que podan contribuír a mellorar o seu labor: cores, tixeiras, pegamento... A liberdade creativa predominará, así como a importancia de compartir a historia cos compañeiros e compañeiras.

A cooperación cos centros escolares e cos pais, nais ou titores do alumnado será fundamental. Para que cando cheguemos a realizar esta actividade, cada un dos nenos teña consigo toda a información procedente do cuestionario que dende Tarabela facilitaremos ao centro. É tamén a fotocopia da súa foto escollida. O labor previo, feito no eido da intimidade, coa marxe de tempo para a conversa e a escoita activa é a base da actividade. Requírese o obxectivo de descubrir á muller que, independentemente do título de nai, tía, avoa ou bisavoa, ten e tivo toda unha vida plena de loitas e desexos, de formas de sentir e dúbidas, de decisións que a levaron por uns camiños e non por outros. Temos comprobado xa que o simple feito de ter esta conversa interxeneracional provoca sorpresas e fortalece vínculos en ambas direccións.



Folla de ruta



1. O concello propón a actividade ao centro escolar.



2. Unha vez o centro educativo acepta a proposta, o concello facilita a Tarabela Creativa os datos de contacto da coordinadora ou coordinador do centro.



3. Tarabela establece o contacto co centro e xuntos definen as datas, os horarios, os grupos... da opción escollida. Ademais envía o cuestionario para que o centro llo faga chegar con tempo ao alumnado antes do obradoiro.



4. Unha vez finalizado o obradoiro, Tarabela Creativa achega material gráfico do mesmo ao concello.

Necesidades técnicas

Imparte: Carmen Conde.

Apoia: Diego Gallego.

Idiomas: galego e castelán.

Alumnado: Primaria.

Necesidades técnicas: Pizarra, cores de todo tipo, pegamento, tesoiras. Fotocopias de fotografías de mulleres da familia. Moi importante que non sexan as orixinais.

Opcións



Opción 1. Centro educativo pequeno.

O colexio enteiro, con todos os grupos, participa na actividade nunha soa xornada.



Opción 2. Centro educativo mediano.

O colexio enteiro, con todos os grupos, participa na actividade nas dúas xornadas.



Opción 3. Centro educativo grande.

O colexio escolle a que grupos destina a actividade (1º, 2º e 3º EP ›collage; 4º, 5º e 6º EP ›narrativa breve) e os grupos escollidos participan no obradoiro nas dúas xornadas. O ideal sería misturar grupos de ambas etapas de Primaria, posto que deste xeito o resultado do mural combinará as distintas propostas.



Opción 4 Centro educativo grande.

O colexio enteiro, con todos os grupos, participa na actividade en máis de dúas xornadas.

Actividade financiada polo programa



016

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

